

BASES DO IV CONCURSO DE CATA DE VIÑOS POR PARELLAS CONCELLO DE SOBER

ORGANIZAN: FUNDACIÓN BELARMINO FERNÁNDEZ IGLESIAS - CONCELLO DE SOBER

A Fundación Belarmino Fernández Iglesias xunto co Concello de Sober organizan o IV Concurso de Cata de Viños por parellas Concello de Sober. As bases expostas a continuación, establecerán os obxectivos e as normas que rexerán o concurso:

PRIMEIRA.- A participación está aberta a todo o público maior de idade que concursará por parellas.

SEGUNDA.- A inscrición será totalmente gratuita.

TERCEIRA.- O número de participantes está limitado a 20 parellas.

CUARTA.- O período de inscrición comezará o día 17 Marzo e rematará o día 3 de Abril do 2025. As inscricións realizaranse nos seguintes números de teléfono:

- David Cidre: 647975135
- Alberto Fuentes: 697 813 582

QUINTA.- Os/as participantes disporán dunha barrica coa súa correspondente copa de cata, pan, auga e follas de rúbrica. Os viños serán servidos polo persoal organizador do evento. As mostras non se poderán catar ata que o autorice o xurado/organización do concurso. A duración da cata de cada un dos viños será de 8 minutos, unha vez transcorrido este tempo os concursantes non poderán tocar as copas e o persoal organizador do evento pasará a recoller as rúbricas.

SEXTA.- Contarase con aproximadamente 20 referencias de viños, elaborados todos eles na DO Ribeira Sacra. Previamente, os participantes poderán probar todas as referencias no túnel situado ao carón do espazo onde terá lugar a cata, pero só 10 destas serán seleccionadas polo xurado para a proba. O concurso contará cunha única fase e en caso de empate realizarase unha nova cata de 3 referencias (distintas ás mostras seleccionadas para a fase clasificatoria) seguindo os mesmos criterios da proba anterior.

SÉTIMA.- A cada parella participante entregaráselle unha rúbrica na que terán que indicar a seguinte información de cada un dos viños catados:

- ✓ Ano
- ✓ Variedade/s de uva/s.
- ✓ Tipo de viño: xove ou barrica e indicar o tempo de crianza, no seu caso.

Unha vez entregada a rúbrica non se admitirán correccións nin reclamacións.

OITAVA.- A puntuación total do concurso será de 30 puntos, distribuíndose 1 punto por cada ítem correcto. Unha vez rematado o tempo de cata, o xurado sumará o total de puntos e cualificará as parellas participantes coa suma final obtida.

NOVENA.- Cada parella participante será identificada mediante un número que será adxudicado pola organización para preservar o seu anonimato fronte ao xurado.

DÉCIMA.- Non se poderá falar co resto das parellas participantes durante o tempo da cata de cada mostra.

UNDÉCIMA.- Non está permitido o uso do teléfono móbil, axenda ou calquera dispositivo electrónico ou físico. Se algún membro da organización/xurado detectase que se está cometendo algunha destas infraccións será motivo inmediato de descualificación.

DUODÉCIMA.- Non se permite abandonar a sala de catas durante o transcurso da proba. En caso de que algún dos participantes decidise deixar o recinto deberá entregar a rúbrica ao xurado e darase por finalizada a participación da parella no concurso.

DÉCIMO TERCEIRA.- A organización velará polo correcto desenvolvemento da proba e unha vez realizada a cata de todas as mostras e obtidas as puntuacións globais de cada parella o xurado comunicará os dous primeiros clasificados, aos que se lle entregarán os seguintes premios:

1ª Parella Clasificada: Comida/cea no Restaurante Berso en Sober, un lote de viño e trofeo acreditativo de Cerámica de Gundivós.

2ª Parella Clasificada: Ruta guiada en quad coa empresa Sacra Aventuras, un lote de viño e trofeo acreditativo de Cerámica de Gundivós.

DÉCIMO CUARTA.- A decisión do xurado será inapelable salvo que se acrediten irregularidades no desenvolvemento do concurso de acordo a estas bases.

DÉCIMO QUINTA.- A participación no concurso implica a completa aceptación destas bases.

DÉCIMO SEXTA.- O horario de recepción de participantes será ás 10.00 hs. na Casa da Cultura de Sober. De 10.30 a 11.00 hs. realizarase a presentación do concurso. De 11.00 a 12.00 hs os participantes poderán probar no túnel do viño todas as referencias. O desenvolvemento do concurso dará comezo ás 12.30 hs. Posteriormente, ofreceranse nas instalacións da Escola de Hostalería e Vitivinicultura Belarmino Fernández Iglesias viños da Ribeira Sacra e aperitivos elaborados e servidos polo alumnado dos Ciclos Formativos de Grao Medio de Cociña e gastronomía e Servizos en restauración e daranse a coñecer as parellas gañadoras.